

ACTA COMISIÓN DE CALIDADE

Sesión do 16 de xullo de 2015

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o xoves 16 de xullo de 2015, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (17 de xuño de 2015)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Recursos materiais: Aprobación se procede do uso do seminario de Historia do Pavillón 1 como sala de uso para o alumnado de 3º ciclo**
- 4. Conveniencia de centralizar o gasto**
- 5. Valoración da introdución de modificacións no PAT, así como no sistema de queixas, suxestións e parabens**
- 6. Valoración dos resultados das enquisas de satisfacción e se procede, introdución de melloras**
- 7. Rogos e preguntas**

1. Lectura e aprobación da acta anterior

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a asistencia de: Arturo Real (fóra de Ourense), María López (consulta médica), Xulio Rodríguez (xuntanza en Santiago), Xoel Díaz (fóra de Ourense) e de Montserrat Iglesias (fóra de Ourense).
- Veu aprobado o Plan de viabilidade para a Facultade de Historia pola ACSUG. Valóranse como puntos fortes a consolidación do profesorado, a vinculación dun máster cun programa de doutoramento, as prácticas obrigatorias, a posta en marcha da semipresencialidade e a oferta de prácticas en empresas. Como puntos débiles nos indican a baixa taxa de graduación así como que si non se

cumpren cos mínimos de alumnos matriculados tería que plantexarse a posibilidade dun único programa troncal con diversas orientacións ou mencións.

- Nunha reunión sobre acreditación e seguimento das titulacións comentouse que se vai unificar o plan de acreditación e o seguimento para facilitar os trámites.

3. Recursos materiais: Aprobación se procede, do uso do seminario de Historia do Pavillón 1 como sala de uso para o alumnado de 3º ciclo

Como na anterior reunión desta comisión se plantexaron carencias de espazos para o alumnado de 3º ciclo, buscouse a posibilidade de uso do seminario de Historia do pavillón 1.

Apróbase o uso do seminario.

4. Conveniencia de centralizar o gasto

A partir do uso da facturación electrónica xurde o plantexamento de centralizar o gasto en contra da distribución por docente. Debátese sobre o tema, quedando a decisión final pendente de aprobar na xunta de centro.

5. Valoración da introdución de modificacións no PAT, así como no sistema de queixas, suxestións e parabens

A decana cre que o PAT funciona. Vanse recoller os resultados deste curso para analizalos. Se volve propoñer á delegación de alumnos a titorización ao alumnado de 1º curso.

O sistema de queixas, suxestións e parabens tamén está funcionando. Ao ser un servizo centralizado non se poden facer modificacións.

6. Valoración dos resultados das enquisas de satisfacción e se procede, introdución de melloras

A decana informa de que a participación subiu moito tanto no profesorado como no alumnado. O profesorado tivo unha participación do 91,67% (46,15% curso pasado) e o alumnado do 53,6% (22,7% curso pasado).

En canto aos resultados, estes tamén foron moi bos. O índice de satisfacción subiu un 7,14%, sendo o grao de satisfacción do estudantado o primeiro na Universidade de Vigo.

7. Rogos e preguntas

Non hai

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.20 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Rebores Morillo

A secretaria



M Carmen Arribas Álvarez

COMISIÓN DE CALIDADE

ORDINARIA
16/07/2015

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
COMENDADOR REY, BEATRIZ
DÍAZ ALONSO, XOEL
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
LÓPEZ LÓPEZ, MARTA
PRESEDO GARAZO, ANTONIO
REAL LÓPEZ, ARTURO
REBORES MORILLO, SUSANA
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, JULIO
SÁNCHEZ FERRO, PABLO
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
RODRÍGUEZ VELÁZQUEZ, ROBERTO

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
	SI
	SI
	SI
SI	
SI	
	SI
	SI
SI	
SI	
	NO
SI	
SI	